DOSSIER DE PRENSA

# MALA HERBA



# NUNCA MORRE

DO 6.7 AO 4.8 2023

NA CESTA VERDE

RÚA MONASTERIO DE CAAVEIRO 24, A CORUÑA

# MALA HERBA NUNCA MORRE

**MALA HERBA NUNCA MORRE** é unha mostra autocomisariada froito (e nunca mellor dito) da idea conxunta de crear un proxecto expositivo diferente baseado no modelo das galerías *Pop-Up*, coa tenda de produtos ecolóxicos “A Cesta Verde” como contedor do acontecemento.

Causalidade e casualidade uníronse no feito de que non tiñamos espazos expositivos na Coruña dispostos a soportar o que nós levábamos entre mans, á circunstancia de que gozábamos do amparo dun espazo que non estaba preparado *a priori* para acoller un acto expositivo, pero si que estaba disposto a soportarnos.

Nun xesto de “fágao vostede mesmo”, ocupar o local da nai de Dani por pura necesidade acabou converténdose nun exercicio político de supervivencia artística.

Do desexo de traballar xuntos a pesar das dificultades e a distancia, das horas de faladoiro e dalgún que outro encontrón (riquezas dos caracteres plurais), saíu esta exposición que é nosa, que é vosa, e que xorde da pura resiliencia e está feita con todas as ganas de vivir para a arte.

PASEN
E VEXAN...

# M A N I F E S T O M A L A H E R B A

Por Ana Crujeiras

Saímos do coño da nosa nai coma un dos actos máis animais que aínda conservamos. Ao pouco pisamos a terra descalzas, respiramos o ar do noso lar, ollamos os bosques e sentimos a nosa pertenza natural á terra. Esta percepción desdibúxase preguntándonos se en verdade existiu. Porque de seguido aí estamos, baixo a luz dos fluorescentes, cunha etiqueta pegada no cú e os nosos compoñentes impresos en papel satinado.

Chegamos ó mundo e él xa existía, as formas e o nome das cousas, viñan dadas. As leis que rixen as posibilidades, asínanche o lugar que che corresponde. "Carne de artista", pasillo 4. Aí estás, entre os produtos con nomes estranxeiros de asento en primeira clase e as verduras a punto de caramelo rebaixadas ao 40% con billete ao contedor máis próximo.

Conscientes das clasificacións achegadas polo ministerio de "porque eu o digo" e "así son as cousas", dicimos un BASTA cun berro inscrito en neón nas estrelas. Cal tirita, arrincamos a pegatina do cú e saímos a buscar o vento, o mellor conselleiro das revoltas. Cos remuíños no cabelo, abrimos o peito ocupando o sitio que é noso por dereito. Cómo de difícil pode ser atopar un espazo expositivo aberto a xente coma nós? E que hai do apoio? Que hai da preservación do espírito do artista? Que hai do coidado e alimento que precisa a arte para seguir vivo nas rúas da nosa cidade? Non, non había festa, pero montámola nós.

Unímonos, acollidas pola "Cesta verde", para realizar esta mostra. Realizamos unha exposición na trastenda dunha frutería como acto de resistencia. Porque non temos espazos e as posibilidades son escasas, porque córtannos de raíz. Así, as artistas coma os produtos ecolóxicos cultivados na nosa terra, estamos sendo desvalorizadas por un sistema capitalista que nos abandona.
Obrígannos a marchar ou a deixar de existir.

Nunca deixaremos de atopar alternativas, porque Mala Herba Nunca Morre, brotamos por entre o asfalto, metáfora enraizada no noso peito. Ocupamos agora o noso espazo, queremos compartilo con vós e xuntas, ofrecer resistencia.

Por moito que asfalten o monte, medraremos entre as pedras, susurrando nos oídos dos conformes: Que estamos vivas, activas, alternativas e en loita.

# ARTISTAS!

**SONIA ARMADA**
**A Coruña, 1998**

As miñas idas e vindas no mundo artístico poden clasificarse coma caóticas e continuas. A mancha puido có lapis e o punzón puido coa mancha para despois misturarse e esquecerse das limitacións impostas pola materialidade do trazo. A materia chegou a min coma concepto e coma instrumento, escondida entre a pintura, o grabado, a performance, a investigación, a xestión, os frescos, a vida persoal, as persoas, o xogar e o fogar. A materia tiña moitas historias que narrar, moitas conversacións pendentes; tiña unha iconografía propia que as veces non sabía se era miña, súa ou das demais. Convertiuse na miña amiga, vimos coma o tempo deixábanos cicatrices e creaba música na arte procesual. Arquitecturas de tódalas misturas, configuraba na miña praxis unha ponte divertida e política, que ten esperanzas nas conexións das tradicións, da actualidade, das persoas e na posibilidade do seu habitar sensible, vulnerable.

En 2020 formalicei a miña intención de divagar polas artes, onde obtiven o Premio Extraordinario polo meu percorrido durante a carreira de Belas Artes en Salamanca. Durante o 2021, ano aínda máis caótico do habitual, terminei a maestría en Historia da Arte Contemporánea e Cultura Visual do MNCARS, UCM e UAM para no 2022 ser becada para cursar un módulo na Fundación CIEC, marabilloso lugar onde previamente xa fixera varios cursos entre tortillas, casa do queixo, música, conversacións que darían varios fanzines e boas compañías. Na actualidade vivo entre Roma e Galiza, traballando coma xestora-artista independente e xestora cultural en formación na Real Academia de España en Roma.



**MARIA CASTILLEJO**
**Barcelona, 1995**

Un día comecei a facer garabatos, e desde entón non parei. Os meus intereses artísticos viran ao redor da condición humana, os relatos históricos, e a procura quimérica da natureza das cousas. Pero ás veces non. As veces non sei. Mellor direi que viran ao redor destas e tantas outras cousas que non entendo.

Nestes últimos anos desenvolvín a miña actividade no campo da gráfica sen abandoar disciplinas como a escultura ou xeralmente todo aquelo que garde relación co traballo de taller.
En 2016 obtiven o título de técnica en artes aplicadas á escultura entre Barcelona e Milano, e no ano 2020 fun bolseira da facultade e gradueime en Belas Artes pola Universidade de Barcelona. Durante 2021 cursei un módulo do máster en obra gráfica da fundación CIEC en Betanzos, A Coruña.



**ANA CRUJEIRAS**
**Galicia, 1994**

Unha dedícase a arte as veces e simplemente, porque é o único que ten sentido. O sentido, que é movemento do corpo, vento que sopla e da forma.

Busco e atopo no grabado, na pintura, no debuxo, na foto e na performance. Tamén atopo moito na música, pero por alí aínda non busquei. Dunha vez atopara demasiado e marchei a Pontevedra a estudiar Belas Artes. Menos un ano, que volei a México buscando.
Os ventos leváronme despois a Betanzos, onde aprendín moito cursando o Máster de Estampación e Obra Gráfica do CIEC. Atopei moitas cousas alí. Agora estudo outro Máster en Compostela buscando no pasado os talleres de gravado.

Ás veces non sei que da máis sentido a crear, se atopar ou seguir buscando.



**DANIEL MUÍÑOS**
**A Coruña, 1998**

Supoño que o meu interese artístico comeza onde debe: na infancia, coa creatividade e liberdade que só un neno posúe. Cando me vía con ansias artísticas, nun puro acto de creación, collía un pincel (ou a manotazo limpo, que era xesto máis directo) e deixaba pinceladas nos cadros nos que traballaba meu pai, deste maneira pensaba eu, a obra sería máis vistosa, claro está. Foi neses anos cando comecei a despegar artísticamente grazas ás miñas habilidades como negociador empedernido, vendendo o meu primeiro cadro polo módico prezo de 20 euros.

Dende aquel momento, foi inevitable, comecei a desenvolver a miña actividade artística de forma máis profesional durante a adolescencia, aprendendo do meu pai (quen por sorte non me gardaba rencor por pintarlle os cadros de pequeno); así como asistindo a cursos de pintura por España adiante (que non arriba). Recentemente tiven a miña primeira exposición individual "Aislados" e tornei a miña actividade cara o gravado, facendo o Máster de gravado na Fundación CIEC de Betanzos, lugar no que atopei a grandes artistas que afortunadamente convertéronse en grandes amigos para poder crear espazos coma este, alternativas fronte ás galerías e espazos de arte convencionais.
Agora encóntrome acabando a carreira de Psicoloxía coa finalidade de buscar camiños de encontro entre a arte e a psicoloxía.



**ANTÓN TABOADA**
**Santiago de Compostela, 1976**

Son Antón Taboada, nacín en Santiago de Compostela o 13 de outubro de 1976. Estudei bioloxía e a miña formación artística foi fundamentalmente autodidacta ata que cheguei o CIEC onde cursei o Máster de Obra gráfica entre 2016 e 2018.
Xuntando ambos intereses, empecei a traballar en ilustración científica para publicacións da USC, UDC e o CSIC. En 2017 gañei o premio Galicia do VIII Premio Atlante de Grabado.
Durante dez anos escribín en El Correo Gallego reseñas de arte e por esas datas empecei a participar en exposicións colectivas.
No 2007 presentei unha exposición individual en Zurich-SCQ en Santiago e no 2018, Palimpsesto en Biblos, Betanzos.

Do mesmo xeito que a miña traxectoria vital semella trazar percorridos circulares en torno ós mesmos intereses e lugares, a miña obra orbita ante os mesmos temas volvendo cíclicamente para atopar que as mesmas preguntas de sempre mudan de sentido. A soidade e a incomunicación actúan como combustible para fuxir introspectivamente dos pequenos abismos cotiás cara o paraíso perdido da inocencia infantil é o salvaxe da natureza. Alí un se decata de que os medos dos nenos quizais non eran tan terribles e toca volver ás néboas do presente traendo algo de esperanza e tamén extrañeza nas alfaias da memoria e a imaxinación.



**SOFÍA VERA**
**Mar del Plata, 1992**

Desde pequeña invento cosas como todxs lxs pequeñxs pero en algún momento de la vida calculo que decidí que esa iba a ser mi profesión digamos, o mi identidad máxima. Así lo expresé seguro y me mandaron a estudiar teatro y cerámica, entonces ya la vida se empezó a desdoblar en las actividades fantasiosas y en las obligaciones del mundo como el colegio o los futuros trabajos.
Existe una seriedad grande en torno al arte y una mafia loca y despiadada aunque parezca absurdo, así una se vuelve adulta y sigue apostando a vivir del lado de la magia pero con más cuidados, protegiendo las cosas simples, los amigos, la familia, los paseos, los animales, bailar y sudar, hacer la comida, dibujar un dibujo, hacer un regalo, etc. Hace un año y monedas que vivo en Barcelona y antes viví en Galicia dos meses y antes en Bilbao tres semanas y antes en Buenos Aires ocho años; la cuestión es que tomé muchos cursos como el del CIEC en Betanzos que me encantó, y exposiciones también muchas, pero mis favoritas son las de tipo entusiasta y amorosa como ésta. FIESTA DE OBRAS EN UNA SALA SECRETA DETRÁS DE LA FRUTERÍA DE LA MAMÁ DE DANI yo me vuelvo loca no se ustedes.

Hay carreras de arte y cultura sobreviviendo a un supermercado inteligente... Es tonto y esperanzador. Casi tengo un título universitario en Grabado y Arte Impreso pero aún no hice la tesis... Ahora lo que más me gusta es hacer cómics.



**SONIA ARMADA**

Relación das pezas có proxecto expositivo: partir do raíz, medrar entre o asfalto, construir dende a problemática, medrar xuntas, conversas materiais, natureza e impactos.

Autoría: Sonia Armada

Título: Quen está detrás do refrán? I

Serie: Unha de cal e unha de area.

Año: 2022

Técnica: enfoscado de geso, revocado pigmentado de cal sin tamizar, esgrafiado, pintura de cal sobre baldosa.

Los refranes y la arquitectura nos protegen del peligro y nos ayudan a sobrevivir en un contexto determinado. Al igual que una pared de ladrillo no cede cuando el viento la amenaza, un refrán nos ayuda a resolver o poner en duda situaciones problemáticas, planteando soluciones sencillas a problemas a priori complejos. Ellos son abstracciones de hogares tradicionales con personalidad propia, a los cuales posteriormente cada persona añade, o pule, significados.

La comparativa del proverbio como casa, como construcción, no proviene de imaginarios aislados sino forman parte de un mismo abono. Estos conjuntos de palabras suelen ser extraídos de actos materiales, sensibles y sociales en los que la repetición y la conservación de una determinada comunidad son el objetivo de su divulgación, de su habitar. El acto físico unido a la palabra crea diálogos entre supervivencias tangibles y abstractas.

Al final todo marco temporal tiende a desarrollarse cuan teléfono estropeado, que no implica una intencionalidad dado que cada cual recoge el dicho como el correcto y originario al ser portador de saberes. Habitualmente, con el paso del tiempo, los refranes se transforman. La pérdida del origen físico del dicho crea nuevas perspectivas pero nos desconecta, de manera orgánica, con las personas/culturas que desarrollaron su origen.

El nacimiento del proverbio «una de cal y una de arena - hacen la mezcla buena - » es posible que haya olvidado su origen por las intersecciones culturales que lo rodean, siendo habitualmente conocido como algo bueno y algo malo consolidan el equilibrio cuando, por las referencias arquitectónicas a las que se refiere, da cabida a que la mezcla entre dos cantidades iguales que constituyen la conservación. La mezcla de estos dos materiales construye los morteros, masa habitualmente utilizada en la construcción artesanal/ecológica y en la ausente técnica del fresco, en todas sus variantes.

La pieza, parte de una serie más grande, se configura como un nuevo-viejo-posible significante de proverbio. Partiendo de la masa fundacional del mortero de cal, la obra reflexiona sobre aquellos procesos y personas desconocidas que están insertos en las palabras del dicho.

Personas, pensamientos, miedos, sonidos, diálogos, debates, construcciones y herramientas deambulan por las piezas de cal y arena, en las que sus bocetos y procedimientos nos aportan nuevos pasillos por lo que mirar, quizás, un lugar pasado, o presente, en el que reflexionar y sobrevivir en nuestro hogar.

Autoría: Sonia Armada

Título: Baile de improntas en jarrones borderline y flores atardecer rojo salón. Oda a amistades únicas.

Serie de 5 piezas 1/1. Se venden individualmente.

Año: 2022

Técnica: aguafuerte, aguatinta, barniz brando y chiné collé

El jarrón de flores cambió de iconografía en junio de 2021. Cuatro pisos subidos se convirtieron en una maratón, que abrieron paso a dos ramos de flores a modo de bienvenida diciendo: “Sonia, sí, lo peor ya ha pasado”.

Había vuelto a ese salón rojo atardecer en ese pequeño barrio situado en Madrid y las flores en sus hermosos jarrones me abrazaban desde las distintas localizaciones de mis amistades. Ellas no podían venir a mí, pero su cariño se proyectaba en esas flores agridulces. Agridulces, ya que el amor recibido se entremezclaba con la sombra de una roñosa enfermedad que, aún no estando, mentalmente me recordaba constantemente que: “sí, lo peor ya ha pasado, pero mi sombra tardará en acomodarse en tu cuerpo”.

Asentarse se convirtió en un baile, en donde el tiempo afectó las maneras de tratar, ver, grabar la materia del jarrón y sus flores. Un mismo hito, distintos tiempos, distintas formas de leer las sombras, el rojo Madrid se vuelve verde Galicia y crea distintas tonalidades de un violeta contraste atardecer. Técnicas que se sobreexponen, se difuminan, se vuelven vulnerables y pretenden bailar con la incertidumbre de dicha iconografía arraigada a un tiempo.

Hoy en día las flores se transmiten más dulces que amargas. Ello me hace muy feliz.

Autoría: Sonia Armada

Título: Topofilia dun anaco de chuvia

Año: 2020

Técnica: acrílico y carboncillo sobre lienzo.

*Topos* es lugar, y *philon* relación, asociación. La topofilia se define como la relación sentimental con un espacio que, por consecuencia, promueve su cuidado y compromiso.

El presente cuadro surge de la aventura de salir un día a pintar cerca de Sotomayor con amigas cayendo el diluvio universal. A causa de la lluvia, nos dividimos con el propósito de encontrar un sitio que nos protegiera del tiempo y nos permitiera dialogar con su soporte antes de marchar. Separadas visualmente, cada una se escondió debajo de un árbol, un arbusto… cualquier lugar que, pese no ver más allá de 10 metros, cumpliera los tres requisitos: no gripar, poder pintar con acrílico bajo la lluvia y disfrutar.

En mi caso me escondí bajo un pequeño arbusto, suficientemente frondoso. Aceptable para jugar. El paisaje general quasi apocalíptico me llevó a focalizarme en ese pequeño arbusto protector y en sus cercanías; abriendo paso a una jornada maravillosa y llena de luz entre su protección, los acrílicos, sus verdes y yo.

Compartir espacio: todo ello, sin lluvia, no hubiera sido posible.

Disfruté de una conversación forzada y, si bien es cierto que una acabó enfermando a causa del chaparrón, el arbusto se convirtió en una querida topofilia de lluvia y cercanía a un posible no lugar desbordante de tranquilidad.

## MARÍA CASTILLEJO

As pezas que se expoñen pertencen a diferentes séries, aínda que a maioría foron creadas especificamente para esta mostra na que se expoñen xuntas coa pretensión de articular un discurso ao redor do sacrificio, ao amor e ao desexo. O predominio do verde, que foi para nós como colectivo unha premisa, faise evidente no conxunto pero deas dun enfoque desnaturalizado, e aínda así vitalista: É o verde das luces de neón, do petróleo, dun pintalabios tóxico e dunha frecha como unha silva cuberta de espiñas.

## ANA CRUJEIRAS

Escollín as miñas obras pola relación natural coa terra e a propia froitería. Combinando a esencia do que gago, os animáis e o uso de símbolos e metáforas para falar do que me rodea. O ouroboro como símbolo de ciclicidade e o movemento, o nacemento da loba, que emerxe do ovo que defende a serpe. Metáforas enraizadas no corazón.

## DANIEL MUÍÑOS

O meu traballo céntrase principalmente nos espazos cercanos, paisaxes que mostran unha natureza que bsorbe, asolaga e crea desconexión. Empleando o abandono e as paisaxes envoltas en sombras como metáfora da soidade das persoas. Soidade que trato dende a miña formación como psicólogo para explorar o seu impacto sobre os seres humanos. Un constraste entre luces e sombras co cal se pretende representar dúas forzas humanas en loita: o amor ou esperanza fronte a soidade.

As obras elixidas para “Mala herba nunca morre” uscan a coherencia co noso manifesto colectivo no cal enunciamos, nun acto de resilencia, a creación dun espazo alternativo enraizado co noso amor pola arte. Devaluada nestes tempos en condición semellante o aprecio polo comercio local, unha situación xeneralizada a nosa relación coa natureza. O meu traballo parte do predominio do verde, conector común nesta premisa colectiva que, no meu caso, busca representar as enormes variacións de tonalidades verdosas nas paisaxes galegas. Sen embargo, a obra rápidamente se torna cara unha viveza e vibración de cor volvéndose case surrealista ou psicodélica, representando desta maneira a maxia da nosa terra, pero tamén a resilencia e o espíritu dos artistas.

## ANTÓN TABOADA

Xa mandou a info ☺.

## SOFÍA VERA

*After Worke Producciones* es una productora de eventos, un sello editorial, una compañía teatral y quién sabe si ocupe otros campos en los próximos meses. Surge de la necesidad de agrupar distintas manifestaciones artísticas, creaciones y prácticas sociales/festivas/estéticas que escapaban de las conocidas disciplinas. Luego de haber editado una revista de fotos ssobre la acción y retrato de regalar regalos con lazos personalizados y tras el éxito rotundo de la 5ta edición del *Bingo del Domingo en el living comedor de quien les escribe (la artista)* se inventa la empresa fantasma que respalda absolutamente cualquier cosa que quiera crear.

En MHNM presento una instalación escenario con póster ploter de AFTER WORKE PRODUCCIONES y una nueva edición de 30 ejemplares de la ueva revista de fotos y nombres de la joven productora multicanal. "Dime qué nombre tienes y te diré qué fruta eres" complia más de 150 nombres sobre frutas para buscarte y encontrarte en forma vegetal.

Siempre desde el humor trágico, AFTER WORKE PRODUCCIONES es el suppor emoción del 30% de un tiempo vital que queda luego del otro 70% cuasi cital y rentable, el worke.

## OBRAS CONXUNTAS

As botellas son un xogo, porque nós somos 6 biberones, coma artistas novos, que aínda estamos un pouco verdes e, nalgúns casos, concienciadamente abstémicos no mundo das artes. Somos un futuro zume novo motivado, e nalgúns casos, tamén, cerveceiros en loita polo bo facer nas artes. Somos verdes, somos xoves, somos contradicións, somos mala herba e non morremos!

As malas herbas foron cultivadas nas casas das malas herbas artistas, que coidáronas con muita cura durante uns meses ata o día da inauguración, có obxectivo de medrar entre o asfalto de cada man allea, a modo de metáfora visual e lugar local de encontros presentes e futuros. Mala herba nunca morre! Somos novas, mais moi riquiñas e en loita.